



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 6 DE NOVEMBRO DE 2014

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro
DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ
Concelleiro
DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO
Concelleiro

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO
Concelleiro
DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS
Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ
Concelleiro
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día seis de novembro dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesiões o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 2 DE OUTUBRO DE 2014.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 28-10-2014.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 28-10-2014.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA N° 25/2014 (APROBADO POR ACORDO PLENARIO DE 03-07-2014); SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 28-10-2014.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO ENTRONQUE DENDE A N-640, NA ROCHA, CO ENLACE Á AUTOPISTA AP-53, POLA CARRETERA DE ORAZO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS.

6º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN AO MAL ESTADO DA N-640; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2014

9 º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Hoxe, a sesión ordinaria do Pleno que se celebra, o Pleno ordinario correspondente ao mes de novembro, e antes de pasar a desgranar a Orde do Día correspondente a este Pleno, por acordo das forzas, das tres forzas políticas, falado antes do inicio desta sesión plenaria. Queríamos facer un pequeno recoñecemento e un minuto de silencio á figura dunha persoa, pois que para todos era entrañable, non solo para esta corporación como máximo órgano representativo deste Concello e como funcionario desta casa, senón tamén...bueno, pois toda a sociedade Estradense e o mundo, a sociedade Estradense en xeral e o mundo do deporte en particular. Creo que hoxe pois sufrimos unha terrible perda dunha persoa entrañable a que todos lle tiñamos un especial cariño e no que queremos, pois na medida do posible, facer este pequeno recoñecemento cun minuto de silencio e, si lles parece, tamén acordar remitir as nosas condolencias á familia no día de mañán antes de que se produza o seu, o seu enterro, así que, si lles parece, nos poñemos en pe e gardamos un minuto de silencio.

Moi ben, moitas gracias, que conste o recoñecemento a Manuel Regueiro e que conste tamén esa certificación do acordo adoptado polas tres forzas políticas de remitirlle o noso recoñecemento e as nosas condolencias á familia.

A) PARTE RESOLUTORIA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 2 DE OUTUBRO DE 2014.

Sr. Alcalde: Pasamos pois a adentrar xa no debate da Orde do Día, na parte resolutoria, o primeiro punto é a aprobación, si procede, da acta correspondente á sesión plenaria do día 2 de outubro de 2014. Non sei si hai algunha cuestión, si non hai ningunha cuestión procedemos a súa votación, votos en contra?, abstencións?, votos a favor?, apróbase por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 2 de outubro de 2014, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES, SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 28-10-2014.

Sr. Alcalde: O segundo punto é a aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza Reguladora do Imposto sobre Bens Inmoables,

segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas do 28 de outubro de 2014. Ten a palabra o Señor Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda.

Sr. Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda: Boas tardes, a Ordenanza do Imposto de Bens Inmóbeis contemplaba a posibilidade de bonificación das familias deste imposto por parte das familias numerosas e, debido ao cambio de categorías que se operou pola Lei 40 de 2003, as familias numerosas pasaron a dividirse en especial e xeral; solo por este motivo xa sería necesario un cambio de... na Ordenanza para adaptarse á modificación da Lei, pero, ademais, aproveitamos si...e así estivemos de acordo todos os grupos políticos, de cambiar o criterio para poder acceder a esta bonificación, tanto o criterio que era económico en función da renda, que pasaría agora a ser en función do valor catastral do inmueble, do inmueble que sempre sería a vivanda habitual na que resida a familia que solicita esta bonificación. E se establece da seguinte maneira o que sería a proposta de bonificación que foi aprobada pola Comisión de Facenda:

Para aqueles valores catastrais menores de 60.000 euros a bonificación para as familias numerosas especial sería do 90%, o 70% para a xeral, para aquelas vivandas con valor catastral superior a 80.000 e por debaixo dos 100.000 euros sería o 50% de bonificación para a especial e 35 para a categoría xeral, quedando para as familias numerosas que teñan unha vivanda con valor catastral superior a 100.000 euros no 35 e no 20 para a especial e xeral respectivamente.

De esta forma penso que se favorece dunha forma máis ampla a todas as familias numerosas que...ben... consideramos que neste momento se e de gran axuda.

O Alcalde: Moi ben, moitas grazas Sr Blanco. Algunha intervención? Ten a palabra a Sra. Louzao.

Sra. Louzao Vieites, Concelleira do PSdeG-PSOE:. Ben, en efecto como di o Concelleiro Sr. Blanco, esta proposta que se fai en nome do Grupo de Goberno, inicialmente o que previa era unha adaptación, nunha ordenación con respecto á clasificación da Lei do 3 do 2011, da Ordenanza Municipal existente, alegrarnos de que se chegara a consenso na Comisión e esperar a que se manteña nesta sede municipal ese acordo para intentar, unha vez que aproveitamos e modificamos esta Ordenanza, mellorar a condición das familias numerosas nun momento no que todos os análises estatísticos nos din que o índice de natalidade está caendo e nos din tamén que a situación económica é moi complicada, polo tanto, esta modificación que hoxe introducimos aquí, e que, como dicía, nos alegramos de o resto dos membros da corporación teñan apoiado esta proposta do Grupo Socialista e pois vai a facilitar, como se dicía, a aquelas familias que teñen un valor catastral da súa vivanda habitual menor a 60.000 euros nun 70%, ás familias de réxime xeral, e nun 90% ás réxime especial. A Lei nos permite facelo e creemos que ese é o camiño polo que debemos ir nestes momentos de dificultade, por iso alegrarnos de que se chegara a este acordo e que, neste momento en que se vai a facer esta adaptación á Lei, se aproveite tamén a ocasión para facilitar a vida ás familias. Grazas.

O Alcalde: Moi ben, moitas grazas señora Louzao. Ten a palabra o señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG: Alégranos tamén de chegar a este consenso, sobre todo nun momento onde se caracteriza porque os gobernos aproban medidas en contra das familias, polo menos hai un goberno co apoio do resto dos grupos que conforman este

Concello que aproba medidas para axudar á situación económica das familias e, sobre todo, das familias numerosas. Está claro que non vai a ser unha medida tampouco que fomente a natalidade, que poña freno a esta caída en descenso absoluto dos índices demográficos do noso país, pero bueno, polo menos, aos que xa están vaille axudar a chegar un pouquiño mellor tódolos anos.

O Alcalde: Moi Ben, pois procedemos, polo tanto, á votación deste punto da modificación da Ordenanza reguladora do Imposto de Bens Inmóbles. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta para modificar o beneficio fiscal no I.B.I. a favor das familias numerosas regulado no parágrafo 5 do artigo 9 da Ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

De conformidade co disposto nos artigos 74.4 e 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o informe asinado polo Técnico de Administración Xeral do departamento de Intervención o 23-10-2014, e fiscalización o expediente pola Interventora municipal con data 24-10-2014.

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 28-10-2014.

ACORDAMOS:

Aprobar provisionalmente a modificación, nos seguintes termos, da **ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

“Artigo 9. Bonificacións

.....
5.- *Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán de bonificación na cota íntegra do imposto relativa ao inmovible de uso residencial que constituía a súa residencia habitual, e onde estean empadroados os membros da unidade familiar, nalgunha das porcentaxes seguintes:*

| <i>Categoría de familia numerosa</i> | <i>Xeral</i> | <i>Especial</i> |
|--|--------------|-----------------|
| <i>% bonificación se o valor catastral é menor ou igual de 60.000,00 euros</i> | 70 | 90 |
| <i>% bonificación se o valor catastral está entre 60.000,01 e 100.000,00 euros</i> | 35 | 50 |
| <i>% bonificación se o valor catastral é maior de 100.000,00 euros</i> | 20 | 35 |

Para a aplicación da bonificación será requisitos imprescindible a súa solicitude polo interesado, acreditando as seguintes circunstancias:

- a) O empadramento dos membros da unidade familiar no inmovible obxecto da solicitude.*
- b) A condición e categoría de familia numerosa, por medio de título oficial.*

Terán efectos no Padrón do Imposto as bonificacións solicitadas antes do un de abril de cada ano, sempre e cando resulte acreditada a concorrencia, o un de xaneiro, dos restantes requisitos.

As bonificación aplicadas nun exercicio manterán vixencia no seguinte previa a solicitude de prórroga que os interesados deberán presentar antes do un de abril, xunto á documentación xustificativa das circunstancias sinaladas.

Non se poderá aplicar a bonificación a máis dunha vivenda por titular”.

Ademais se engadirá o seguinte:

“DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación o de.....de 2014, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partires do 1 de xaneiro de 2015 e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas”.

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 28-10-2014.

Sr. Alcalde: O terceiro... o terceiro punto é a aprobación, se procede, da modificación da Ordenanza reguladora da taxa polos servizos prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música Municipal, segundo Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas do 28 de outubro de 2014. Ten a palabra o Señor Blanco Carracedo, Concelleiro de Facenda.

Sr. Blanco Carracedo: Ben, na liña do punto anterior, adaptar tamén a nova categoría de familias numerosas a taxa polos servizos prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música Municipal, desta forma recóllese a categoría xeral cunha redución do 50% e a categoría especial cunha redución do 75%, dando cumprimento á nova normativa.

Sr. Alcalde: Moi ben señor Blanco. Algunha intervención?. Pois procedemos a votar logo este punto terceiro da aprobación da modificación da Ordenanza Reguladora da taxa polos servizos prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música municipal. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda para modificar o beneficio fiscal a favor das familias numerosas establecido no artigo 6 da Ordenanza reguladora da taxa polos servizos prestados no Conservatorio Profesional e Escola de Música municipal.

De conformidade co disposto 15 e seguintes do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

Visto o informe asinado polo Técnico de Administración Xeral do departamento municipal de Intervención o 23 de outubro de 2014, e fiscalizado o expediente pola Interventora municipal con data 24-10-2014.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 28-10-2014.

ACORDAMOS:

Aprobar provisionalmente a modificación, nos seguintes termos, da ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLOS SERVIZOS PRESTADOS NO CONSERVATORIO PROFESIONAL E ESCOLA DE MÚSICA MUNICIPAL:

“ *Artigo 6. Beneficios fiscais*

Gozarán de bonificación as familias numerosas, segundo a súa categoría:

| | |
|---------------------------|---------------------------|
| <i>Categoría xeral</i> | <i>redución do 50 %</i> |
| <i>Categoría especial</i> | <i>redución do 75 % ”</i> |

Ademais se engadirá o seguinte:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación, aprobada por acordo plenario do ..., entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2015, e permanecerá en vigor ata súa modificación ou derogación expresas.”

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 25/2014 (APROBADO POR ACORDO PLENARIO DE 03-07-2014); SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 28-10-2014.

Sr. Alcalde: O punto número cuarto é a aprobación, si procede, da proposta de rectificación de erro material no expediente de modificación orzamentaria número 25/2014 e aprobado por acordo plenario de 3 de xullo de 2014. Ten a palabra o señor Blanco.

Sr. Blanco Carracedo: Ben, como se explicou na correspondente Comisión de Facenda, trátase de un error material nun expediente de Modificación Orzamentaria, donde hubo un baile de números e, lógicamente, corresponde colocalos adecuadamente e proceder de esta forma á súa rectificación posto que fora un acordo plenario tomado o tres de xunio deste ano, corresponde ao Pleno a rectificación de este error, simplemente foi un baile de números que hai que poñer no seu sitio.

Sr. Alcalde: Moi ben, algunha intervención? Ten a palabra a señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Ben, manifestar aquí a nosa posición, igual que fixemos no seno da Comisión, e esta rectificación de erro material subxace dun acordo do Pleno do 3 de xullo, acordo no que, dende este grupo, manifestamos o noso voto non favorable posto que era a raíz, e así o dicía aquel expediente, un suplemento de crédito para a obra do novo mercado, a razón dun incremento de obra producida no proxecto, incremento do que solicitamos un informe para ter contada nota de cal... de que era... o que suscitaba dito incremento e que, a día de hoxe, seguimos a descoñecer, polo tanto non apoiamos ese acordo no seu día e no día de hoxe vamos a manter o noso voto de abstención que fixemos na Comisión, porque si esto é unha rectificación dun erro material, como dicimos, subxace dunha... dun incremento de crédito co que, dende logo, non se deu contada información do mesmo e non se xustificou adecuadamente.

Sr. Alcalde: Moi ben Sra. Louzao. Algunha intervención?. Matizar as palabras da señora Louzao porque, evidentemente, si esta

debidamente informado polos Técnicos Municipais, os aspectos concretos dese proxecto tiveron vostedes acceso oportuno, a parte, en calquer momento que vostedes o soliciten ou solicitaron de forma formal o acceso a ese expediente tiveron posibilidade de velo de revisalo, e están os informes dos Técnicos Municipais que son, tanto en dirección de obra como na propia execución da mesma, son os que resolven as cuestións que se poidan producir na execución da obra non?. Así que creo que tiveron á súa disposición, outra cousa que... bueno, pois non... non concorden con el, pero non é certo que non tiveran información e acceso a ela.

Si, ten a palabra señora Louzao, si, si.

Sra. Louzao Vieites: Ben, o que vostede dí non é certo. No seno desa Comisión nós pedimos un informe sobre ese incremento de obra, é máis, o que se nos dixo foi que era unha previsión por si era necesario, pero non se nos detallou e no expediente, dende log,o non consta dito informe, polo tanto se nos dixo que se nos achegaría e seguimos agardando, simplemente que conste.

O Alcalde: Moi ben. Bueno, pois procedemos a votar este punto número cuarto de modificación de erro material do Acordo do Pleno do 3 de xullo de 2014. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por maioría.

Finalmente, adóptase polos votos a favor do PP (11) e as abstencións do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1) o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía de data 16-10-2014 sobre o expediente de suplemento de crédito número 1/R/2014 financiado con remanente líquido de tesourería e baixas de crédito, aprobado polo Pleno da Corporación na sesión do 3 de xullo de 2014,

Observado erro na transcripción dunha aplicación orzamentaria.

Tendo en conta o establecido no artigo 105.2 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Visto o informe de Intervención de data 17-10-2014.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 28-10-2014.

ACORDAMOS:

Rectificar o expediente de suplemento de crédito número 1/R/2014 nos seguintes termos:

Onde di:

“ I. GASTOS: APLICACIONES ÁS QUE SE DOTA DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO | | | CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2013 | CAMBIO DESTINO CAIXANOVA, 2005 | R.L.T. |
|----------------------------------|---|------------|---|-----------------------------------|-------------|
| APLICACIÓN | DESCRIPCIÓN | IMPORTE | | | |
| 011.913.13 | AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO LONGO PRAZO B.B.V.A. 2009 Nº REFº: 0182-6246-895-46065641 | 35.317,96 | | | 35.317,96 |
| 151.623.01 | INV. REPOSIC. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN.S. PROXECTO NOVO MERCADO (PRAZA DE ABASTOS) | 148.500,00 | 142.500,00 | 6.000,00 | |
| TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO..... | | 183.817,96 | 142.500,00 | 6.000,00 | 35.317,96 ” |

Debe decir:

“ I. GASTOS: APLICACIÓN S AS QUE SE DOTA DE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO:

| SUPLEMENTO DE CRÉDITO | | | CAMBIO DESTINO CAIXABAK, S.A. "LA CAIXA" 2013 | CAMBIO DESTINO CAIXANOVA, 2005 | R.L.T. |
|----------------------------------|--|------------|---|--------------------------------------|-------------|
| APLICACIÓN | DESCRIPCIÓN | IMPORTE | | | |
| 011.913.13 | AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO LONGO PRAZO B.B.V.A. 2009 Nº REFº: 0182-6246-895-46065641 | 35.317,96 | | | 35.317,96 |
| 151.632.01 | INV. REPOSIC. EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIÓN.S. PROXECTO NOVO MERCADO (PRAZA DE ABASTOS) | 148.500,00 | 142.500,00 | 6.000,00 | |
| TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO..... | | 183.817,96 | 142.500,00 | 6.000,00 | 35.317,96 ” |

5º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA AO ENTRONQUE DENDE A N-640, NA ROCHA, CO ENLACE Á AUTOPISTA AP-53, POLA CARRETERA DE ORAZO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS.

Sr. Alcalde: O punto número quinto é a moción do Grupo Municipal Socialista relativa ao entronque dende a Nacional 640 na Rocha co enlace á autopista AP-53 pola carretera de Orazo, segundo o Ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais. Ten a palabra a señora Louzao para defender esta moción.

Sra. Louzao Vieites: Ben, como é coñecido polo resto dos membros da ...da Corporación, así se tratou en seno de Comisión Informativa, presentamos esta moción, posto que o entronque da carretera nacional 640, á altura da Rocha, co enlace á autopista AP-53, pola carretera de Orazo, todos coñecemos, e así se manifestou incluso por acordo plenario en 2011 desta Corporación, a necesidade de que sexa modificada á seguridade vial para tomar dito xiro e acceder á autopista dende a nacional 640. Está en entredito, como xa se ten demostrado incluso con informes de técnicos da Xunta de Galicia (entidade titular da vía pola que se accede a dita autopista). Un acceso, dende logo, e así coincidimos todos tamén no seno da Comisión, de recibo que sexa arranzado pola necesidade de modificar a seguridade e as condicións de acceso do mesmo. Por iso, neste momento no que tanto a Administración do Estado (titular da Nacional 640) como a Xunta de Galicia (titular da vía pola que se

accede á dita autopista), están a elaborar os seus orzamentos, consideramos que un acordo da Corporación municipal solicitando que ámbalas dúas entidades dunha boa vez se poñan de acordo e leven adiante un proxecto de reforma deste acceso, deste entronque e doten orzamentariamente esta obra polas necesidades, como dicíamos, de seguridade vial para o mesmo. É un bo momento para recordarlle que A Estrada tamén debe de contar en ámbalas dúas administracións, por iso alegrarnos de que novamente se teña producido un apoio do resto das forzas da Corporación Municipal a esta moción do Grupo Socialista, e agardar que por parte do Ministerio de Fomento e da Xunta de Galicia dunha boa vez se entendan e deixen de dicir que é competencia do outro cando, dende logo, que é necesario e xa leva moito tempo, e así coincidimos todos sendo necesario, que se arranxe dunha boa vez este problema, gracias.

Sr. Alcalde: Ben, moitas gracias señora Louzao, ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Si, unha vez máis, como aconteceu no ano 2011 ca moción que presentou o Grupo Municipal do BNG con respecto a este mesmo punto, as tres forzas políticas nos poñemos de acordo, o que xa e... non sei como definilo, pero o que é increíble é que non se poñan de acordo as dúas administracións responsables, tanto a administración galega como a administración do estado. Parece que este é un punto que non existe no mapa e non é competencia de ninguén, inda bo é que as dúas forzas políticas que gobernan tanto en Madrid como en Santiago son da mesma cor, porque si chegan a ser de cores distintas supoño que acabarían facendo un burato e facendo desaparecer este punto conflitivo e de moito perigo para os vehículos, sobre todo, como xa denunciámos no 2011, para o acceso dos transportes pesados, dos camións que teñen realmente imposible acceder á autopista a través deste punto. Haber si unha vez mais, despois de tres anos, se decide o Ministerio de Fomento e mais Obras Públicas a poñerse de acordo e, polo menos, que repartan o 50%, si nadie considera que é súa... bueno... pois... como se chamaba o...?, Herodes non?, o que partía pola mitad, pois a mitad para cada quen e listo, cada quen que pague a mitad porque sinón esto vai a ser hasta...

Sr. Alcalde: Moi ben señor Magariños, está comentando o Concelleiro que o que partía era Salomón non Herodes, Herodes... Herodes facía outras cousas, ben, non era precisamente partir pero...

Sr. Magariños Maceiras: Na Biblia... O cura empéñase en pagarme o café, pero da Biblia non me fala, entón....

O Alcalde: Ten que vir vostede máis á igrexa os domingos para escoitar os salmos (risas).

Bueno, nada, para pechar este debate creo que, unha vez máis, estamos todos de acordo nesta cuestión. É unha das infraestruturas que conta cunha alta perigosidade das que temos no noso término municipal, non é a única, pero si é unha delas. Este acceso á autopista pois parece que foi maldito dende o primeiro momento, xa cos problemas que houbo á hora de executar a infraestructura, despois co tempo que estivo parada (porque non había conexión autorizada na altura de Lamela na... na... no enlace da autoestrada AP-53), e tamén, bueno, pola deficiente conexión que se estableceu na nacional 640 á altura da Rocha, por non dicir que, posiblemente, todos coincidamos tamén na non idoneidade do sistema de conexión que se fixo coa autopista ou coa autovía. Creo que todos estamos de acordo en que, posiblemente, se houbera feito dunha forma máis razoable, por outro lado houberamos tido moitas mais ventaxas á hora de

conectarnos cunha autovía que en teoría nos debería de comunicar con Santiago, con Ourense ca Meseta, pero o feito feito está e é certo que agora mesmo si temos un problema importante en relación a esa conexión, e o noso apoio para intentar buscarlle unha solución a un desos puntos conflictivos que temos na nosa rede viaria.

Así que procedemos a votar esta moción. Votos en contra?, abstencións?, a favor). Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do Partido Socialista que se transcribe de seguido:

O entronque dende a carretera N-640 en A Rocha co enlace de acceso á autopista AP-53, pola carretera de Orazo, supón importantes dificultades para que autobuses e camións poidan facer uso desta conexión en condicións de seguridade. Esta situación tense prolongado por demasiado tempo, urxindo unha solución por parte das administracións competentes: Xunta de Galicia e Estado.

En 2011, tras un acordo plenario da Corporación Municipal ao respecto dábase a coñecer a existencia dun informe técnico da Xunta de Galicia recoñecendo que logo de avaliar o acceso á AP-53 dende a N-640 “os radios de xiro e o espazo dispoñible para realizar o acceso dende a N-640 cara a PO-505 poden provocar dificultades para que os vehículos pesados poidan realizar dito movemento en condicións óptimas de seguridade”. Así mesmo, transcendía que se iniciaban estudos en detalle sobre as posibles solucións, indicándose a necesidade da colaboración do Ministerio de Fomento.

Ante distintas preguntas formuladas no Parlamento e no Senado, o Ministerio de Fomento amosaba a necesidade de coñecer alternativas por parte de Xunta para poder autorizar as obras necesarias.

Entendendo que a solución a este problema de seguridade vial pasa polo entendemento entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento, que é urxente poñer medidas que eviten a perigosidade actual do entronque.”

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión de data 29-10-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Solicitar á Xunta de Galicia un acordo co Ministerio de Fomento que permita solucionar o problema da seguridade vial existente no entronque dende a carretera N-640, en A Rocha, co enlace de acceso á autopista AP-53, pola carretera de Orazo (PO-505).

Segundo.- Solicitar ao Ministerio de Fomento un acordo coa Xunta de Galicia que permita solucionar o problema de seguridade vial existente no entronque dende a carretera N-640, en A Rocha, co enlace de acceso á autopista AP-53, pola carretera de Orazo (PO- 505).

Terceiro.- Dotar orzamentariamente, tanto no presuposto da Xunta de Galicia 2015 como no presuposto do Ministerio de Fomento, unha partida específica para a realización das modificacións necesarias na corrección do enlace referido.

6°.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA EN RELACIÓN AO MAL ESTADO DA N-640; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS.

Sr. Alcalde: O punto número seis é a moción do Grupo Municipal Socialista en relación ao mal estado da Nacional 640, segundo o Ditame da comisión informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais. Ten a palabra a señora Louzao.

Sr. Louzao Vieites: Na mesma liña e co mesmo argumento da idoneidade do momento polo... polo momento da lexislatura na que se están a elaborar os orzamentos, presentamos tamén unha moción pedindo que se repoña o firme da Nacional 640, Nacional 640, vía de titularidade, como dicía antes, estatal, de vital importancia non só para A Estrada, que tanto é así que pasa polo centro do noso casco urbano, sinón tamén para vertebrar o que é toda a provincia de Pontevedra, dende o Concello de Agolada ata Vilagarcía. Un vial que, tal e como teñen indicado informes incluso da Unión Europea, conta á altura do noso Concello cunha alta perigosidade, varios son os casos de falacemento que teñen ocorrido neste vial antes de... na entrada dende Pontevedra e todos coñecemos a perigosidade do mesmo, coincidindo seguramente na necesidade de solucionar os tramos de curvas, por exemplo do Castro Loureiro e incluso tamén da urxencia que levamos reclamando moitos anos dende a Estrada de que se establezca unha variante á mesma, e, dende logo, e mentras eso non acontece, tamén todos os días vemos como os miles de vehículos que transitan por esta Nacional 640, o fan dende a inseguridade que provoca o estado actual do firme, un firme que, como dicimos, en moitos dos seus puntos esta tremendamente deteriorado e, polo tanto, é de enorme preocupación e os riscos que viven todos os días os veciños que pasan, non solo que circulan por ela sinón que viven aos seus arredores. Por eso, alegrarnos de que novamente esta moción que dende o noso grupo se presentou, conte co apoio do resto das forzas e solicitar que o Ministerio de Fomento, como dicía a administración titular desta Nacional 640, de xeito inminente, proceda á reposición do firme, contando para elo cunha partida nos Orzamentos de 2015. Moitas Gracias.

Sr. Alcalde. Moi ben. Algunha intervención?. Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Todos somos conscientes do estado que presenta este firme, e non solo os aquí presentes no público e nós... e no Pleno, sinón todos os veciños da Estrada e dos Concellos, sobre o... sobre por onde transita este vial. É lamentable o estado que presentan. A única obra que se fixo en tempo recente foi este... bueno, esta posta en escena de cara á volta ciclista, que foi botarlle un pouquiño de chapapote pola mañán porque pola noite xa o levara a auga, pero bueno. O que si lamentamos e que non chegara a consenso as tres forzas de introducir nesta moción a cuestión de que Fomento desenvolva dunha vez por todas a variante da Estrada, non é de recibo que en pleno século XXI pase polo centro do pobo un vial con tanta carga de vehículos, non solo vehículos turismos sinón vehículos pesados, hai horas do día que esto parece unha vía, bueno o que é unha vía de alta capacidade cunha alta carga de vehículos que, a parte, pasa por onde hai unha zona escolar onde hai un tránsito importante de escolares. Tamén que non se chegara a acordo en reflexar nesta moción que se... as curvas do Castro Loureiro que teñen un trazado acorde aos tempos en que estamos, sigue tendo o trazado de, como decían antigamente, "soltaron un burro y el ingeniero iba detrás marcando por donde iba la carretera", sigue tendo ese trazado e non é, non é de recibo que siga tendo ese trazado. Simplemente eso, alegrarnos de chegar a

acordo, que foi fácil chegar ao acordo da moción, pero lamentar non poder ir máis alá con esta moción.

Sr. Alcalde: Moitas gracias señor Magariños. En principio non é que non se chegase a acordo en outra moción en relación ao tema da variante que tamén todos coincidimos, e creo que vamos a chegar a acordo perfectamente, para reclamar do Ministerio de Fomento a execución desa infraestrutura, e o que se acordou foi levalo a unha moción e un debate independente do que é este, máis amplo, e fixar os prazos correspondentes o Ministerio, e creo que aí non vai a haber ningunha dúbida de que as tres forzas políticas tamén nos poñamos de acordo en esixir a fomento compromisos e prazos para a execución, tanto da variante da Estrada como a seguinte que xa afecta o Concello veciño de Cuntis pero que sería... que nos permitiría eliminar ou modificar ese trazado das curvas do Castro Loureiro. Así que en ningún caso desacordo sinón que chegaremos a acordos seguro, pero o que se emplazou foi a outro debate en outra moción para que as tres forzas políticas expresemos a nosa unanimidade en relación a este tema.

Procedemos logo a votar este punto número sexto que é a moción en relación o mal estado da Nacional 640 e, votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do Partido Socialista que se transcribe de seguido:

“ A N-640 é unha vía de comunicación que une a Comunidade de Asturias e de Galicia, vertebrado a Provincia e facilitando o acceso por carretera nacional ao mar dos Concellos do interior de Galicia.

Este vial, cunha lonxitude de 111 quilómetros, afecta ás localidades de A Golada, Lalín, Silleda, A Estrada, Cuntis, Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa.

Actualmente, o grado de deterioro da N-640 é preocupante, o estado do firme é deplorable, facéndose necesarias e urxentes tarefas de reposición do mesmo.

Sendo esta unha carretera fundamental nas comunicacións dentro da provincia de Pontevedra, e cunha alta densidade de tránsito diario, a situación actual de alta inseguridade vial na circulación supón un perigo moi elevado para milleiros de persoas cada día.”

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, en sesión de data 29-10-2014.

ACORDAMOS:

Solicitar ao Ministerio de Fomento, administración titular da vía, a reposición do firme da N-640 de xeito inminente. Contemplando para elo unha partida específica nos orzamentos 2015.

7º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL.

Sr. Alcalde: O punto número sétimo é a moción do Grupo Municipal Socialista sobre a violencia de xénero, segundo Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social. Ten a palabra a señora Belén Louzao, voceira do Partido Socialista.

Sra. Louzao Vieites: Ben, dende o Grupo Socialista, igual que temos feito outros anos, presentamos esta moción á Comisión de Servizos Sociais de Benestar Social no ánimo de chegar a consenso, un ánimo que, como se ten acontecido, de como dicía en anos anteriores, así foi e así se conseguiu, chegar a unha moción na que as tres forzas da Corporación Municipal solicitamos... pedimos que as administracións da Xunta de Galicia e do Estado competentes, ámbalas dúas en distinto grado en materia de violencia de xénero, pois leven adiante todas as medidas posibles para intentar superar esta lacra que atenta contra toda a sociedade. Unha moción na que, como dicía, se chegou a un acordo para pedir... esixir ao goberno central e autonómico que manteñan e melloren as partidas presupuestarias para levar a diante o que se desenvolve... para desenvolver, perdón, a Lei Orgánica contra a violencia de xénero do 2004, así como a Lei galega de 2007. Reclamar ao goberno central que promova o pacto político e social para abordar a violencia de xénero coa participación de todos os axentes implicados neste auténtico problema de estado, deseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe o conxunto da sociedade e trasladarlle a Xunta de Galicia o urxente desenvolvemento legislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que se recolla como mínimo, e indicamos a regulación das axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias de 2006 a 2010, eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo; a garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano, a fixación dun prazo máximo de trinta días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas dende o momento da súa solicitude e a ampliación da duración de axudas a 18 meses prorrogábeis ata 24 meses segundo a situación da vítima. Comprometémonos tamén os membros da Corporación Municipal nesta moción conxunta a ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e contra os micromachismos e, polo tanto, rexeitando e esixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeran declaracións machistas.

Este é o acordo que, unanimemente, decidimos ratificar as tres forzas da corporación municipal. Un acordo que, como dicía, que nestos momentos nos que se van a celebrar os dez anos, e así o dicíamos dende o Grupo Socialista, dende o momento que se van a cumprir os dez anos de aprobación da Lei Integral contra a Violencia de Xénero a nivel estatal, unha Lei que supuxo un avance importante para a prevención e para... hacia as mulleres, para a prevención deste tratamento por violencia machista. Tamén dicir, que ese problema continúa a producirse, que este ano, este 2014, son 42 as persoas, as vítimas da violencia machista, e por esta razón, incluídos tamén, evidentemente, menores que sufren esta lacra social.

Polo tanto, dende o Grupo Socialista recordar que isto é unha necesidade, que continúe día a día no escenario político, que debemos de loitar os 365 días contra esta lacra social, e que, dende logo, se fai necesario redobrar os esforzos contra a violencia de xénero, colocala como unha prioridade real e non, dende logo, deixala afectada e doída a violencia, tapándoa novamente, posto que estamos a ver nas estadísticas como volven a caer as denuncias que se producen por esta violencia machista e, sin embargo, vemos como sube e que no caso de vítimas de violencia machista non tiñan presentado denuncia; é moi necesario, presentar e apoiar ás vítimas facilitándolle que poidan denunciar e, polo tanto, tamén facilitando e pedindo todo aquilo que reclamabamos de xeito unánime para que se

desenvolva. Por iso alegrarnos de que un ano mais se teña chegado a este acordo e agardar, dende logo, que canto antes se leve a diante a superación desta lacra social e xa non sexa necesario recordar todos os anos que sigue habendo mulleres vítimas da violencia machista que ano tras ano veñen de sufrir e todavía esta moi silenciado este problema e que, dende logo, como membros da Corporación Municipal, somos aqueles que debemos de traelo ao escenario político e tamén esixir ás administracións autonómica e estatal que non fagan deixadez das súas funcións e poñan enriba da mesa o necesario para superar este problema. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: Moi ben. Moitas gracias Señora Louzao, ten a palabra o señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Un ano mais logramos chegar de xeito fácil a consenso as tres forzas políticas aportando... seguindo o documento base que presentou o Grupo Socialista e engadíndolle aspectos da moción que presentamos na propia Comisión o BNG ou aspectos que presentou o propio Partido Popular a este novo texto, un texto que quero que reflexa a vontade das tres forzas políticas de poñer freo a esta realidade que día a día golpea ás mulleres deste país, e como tal temos que facer tamén unha autocrítica, porque esta claro que, ano tras ano, as administracións son incapaces de poñerlle freo a esta lacra social como é a violencia contra as mulleres non?. Resaltar nos acordos, non só as esixencias que lle facemos ás administracións, que realmente teñen competencias, como a administración autonómica ou administración estatal, sinón o último punto que, nós tamén como membros da Corporación Municipal, nos comprometemos a ser exemplares na loita contra esta violencia machista e contra os micromachismos que se dan a contido da nosa sociedade, e así non imos tolerar desde esta Corporación Municipal declaracións que se teñen feito por... non me refiro a declaracións que se teñan feito por membros desta corporación municipal pero si doutras institucións, declaracións vergonzosas que un responsable público non pode dar, non só e como di o dito, non solo hai que ser honrado sinón parecelo non?, e neste caso tamén hai que ser exemplar nas declaracións públicas que se fan, sobre todo cando os ollos da sociedade están postos e os micrófonos nas palabras que saen por boca dalgúns representantes; entón é intolerable certas declaracións que se teñen dado por certos representantes políticos en contra das mulleres. Comprometemos desde xa, como xa di este punto 5, como Corporación Municipal a loitar fondamente contra a violencia cotiá e contra os micromachismos que, ao final, son os que acaban dexenerando en comportamentos violentos.

Sr. Alcalde: Moitas gracias señor Magariños. Ten a palabra a señora Goldar, Concelleira de Benestar Social.

Sra. Goldar Cora: Gracias Alcalde. Bueno, pois como din os demais portavoces, compañeiros da Comisión de Benestar Social que celebramos co motivo de tratar este tema, pois, como non podía ser de outra maneira, e así o facemos nos últimos anos, pois chegar sempre a un consenso, porque creo que é un tema que está, como sempre decimos, e así o manifestamos na Comisión, por riba das ideas políticas da xente; cando alguén maltrata a unha muller non se pregunta de que cor político é nin de donde é, simplemente é un maltratador, simple e llanamente. E bueno, evidentemente redundar, como facemos na moción que así aprobamos... consensuamos, que as administracións autonómica e estatal son as que teñen a competencia, poñen todos os medios posibles e, dende logo, como Corporación municipal, como goberno do Concello da Estrada, o noso compromiso dende o Centro de Información á Muller, se poñan todos os medios, como así creo que se esta a facer, en atender, como ben recordamos

todos, perdón, é o Centro o primer punto de atención, o primer punto donde a muller que se sente maltratada, que é maltratada, acude en busca de axuda, e dende o que se lle da unha axuda integral, unha axuda psicolóxica, legal e posta en contacto con todos aqueles medios xudiciais, sociais, sanitarios que precise e, sobre todo, loitar e facer programas que vaian e redunden na prevención, porque poñer os medios despois si é necesario evidentemente, pero o que debemos intentar sempre é previr que estos casos loiten e, sobre todo como dixo o compañeiro do BNG, ter un comportamento exemplar e saber ben o que se di e como se di e onde se di a fin de que as xeracións, os xoves que son da Estrada vexan que os representantes políticos, que as personas da Estrada rexeitan totalmente a violencia de xénero contra as mulleres, e nese punto e nese aspecto este Pleno, esta Corporación, sempre estará loitando día a día e como ven sendo tódolos días do ano. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: Moitas gracias señora Goldar. Pois damos por pechado este debate coa unanimidade das tres forzas políticas en relación a esta moción e procedemos a súa votación. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Finalmente, adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción presentada polo grupo municipal do Partido Socialista e as aportacións realizadas polos integrantes da comisión, acordase un texto consensuado, que se transcribe de seguido:

"A violencia de xénero constitúe un auténtico problema de Estad. E os datos constatan esta afirmación, xa que nos primeiros oito meses do ano, foron 40 as mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex parellas, ademais de dous menores. En Galicia, os datos tamén son alarmantes, con 6 mulleres asasinadas nos primeiros oito meses do ano.

Dentro deste escenario, hai que destacar o acnotecido no mes de agosto, que foi o peor en cinco anos en número de vítimas, con 8 victimas asasinadas polas súas parellas ou ex parellas. En Galicia, unha muller foi vítima da violencia machista en Barro (Pontevedra) e dúas foron noticia por ser agredidas polas súas parellas, unha en Abegondo e outra en Chantada.

O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaría xeral de Igualdade facía público o Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implementadas pola Xunta de Galicia, que esta xulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respetar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Compete aos poderes públicos a loita para a prevención e a erradicación da violencia de xénero, coa obriga de articular medidas de sendibilización, asesoramento, atención e protección ás mulleres que a sofren, procurando os medios efectivos e axeitados a cada caso e as alternativas para o exercicio dos seus dereitos como cidadáns nun estado democrático, e todo iso, ademais tendo un comportamento responsable que colabore na creación de conciencia.

Polo tanto, resulta fundamental coordinar todos os recursos dirixidos a sensibilizar a toda a sociedade na loita e prevención da violencia de xénero necesaria de que a violencia machista só pode merecer tolerancia 0 dende as institución e organizacións políticas e sociais.”

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Benestar Social, en sesión de data 29-10-2014.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Esixir aos Gobernos Central e Autonómico que manteñan e melloren as partidas presupuestarias, porque esta é a única forma coa que poderemos iniciar a aplicación o desenvolvemento da Lei Orgánica contra a Violencia de Xénero de 2004 e a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Segundo.- Reclamar ao Goberno Central que promova un Pacto Político e Social para abordar a violencia de xénero, coa participación de todos os axentes implicados neste auténtico problema de estado.

Terceiro.- Diseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.

Cuarto.- Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar aos agresores.

Quinto.- Os membros da Corporación Municipal comproméntense a ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os "micromachismos" e, polo tanto, rexeitando e esixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

Sr. Alcalde: Antes de pasar a parte de control... de xestión e control, non sei si hai algunha moción de urxencia por parte dos Grupos Políticos?. Pois, si non hai ningunha moción de urxencia, pasamos ao punto número oito.

B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL

8º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE SETEMBRO DE 2014

Sr. Alcalde: Dación de contas das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2014.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 1 e o 30 de setembro de 2014.

A Corporación en Pleno queda sabedora

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. Alcalde: Punto número nove, Rogos e Preguntas. Ten a palabra Señora Louzao.

Sra. Louzao Vieites: Ben, no día de hoxe gustaríanos trasladar un rogo e unha pregunta. Un rogo: pasamos fotografía ao Concelleiro responsable de Medio Ambiente e rogamos se proceda a limpar o vertido de cristais que hai próximo ao Campo de Fútbol do Veá. É un vertido importante e, dende logo, coa perigosidade que teñen os cristais no mesmo.

Despois nos gustaría trasladar unha pregunta, unha pregunta que, bueno, se iniciou e así o trasladamos xa a este Pleno no mes de xullo, había un Decreto polo que se aprobaba un gasto por Decreto da Alcaldía de 20.449 euros para a contratación de un vídeo da Rapa das Bestas. Vemos nos Plenos... nos Decretos dos que se nos da conta no día de hoxe que con data 4 de setembro se procedeu ao pago desa factura por un concepto de reportaxe fotográfico para a "Rapa da Bestas 2014", sabemos que seguramente se ten utilizado este concepto para algo máis que para esta reportaxe de vídeo, pero nos gustaría saber cal é o prazo de execución do mesmo, si xa contamos con ese elemento, si como vai a súa distribución, dende logo si é de distribución gratuíta, propiedade do Concello ou donde se atopa o mesmo. Insisto, é un Decreto 983 de 2014 polo que se paga esa cantidade que se contrataba en xullo para a realización dun vídeo en concepto de reportaxe fotográfico. Moitas grazas.

Sr. Alcalde: Moi ben, pois lle daremos cumprida resposta nestos próximos días en relación a esa cuestión, agora mesmo non teño datos e descoñezo a resposta, pero se lle dará por parte do Concelleiro de Cultura cumprida resposta.

Algunha outra cuestión? Ten a palabra señor Magariños.

Sr. Magariños Maceiras: Si, varios rogos e unha pregunta. Un é que se recolla un rolo de aramio que está tirado na parte de atrás do Campo de Fútbol de Figueroa que, bueno, é un perigo porque está... debe ser os restos que quedaron do antigo peche, bueno está desfaiñado e pode ser un perigo.

Por outro lado trasládanme veciños do entorno da Rúa de Serafín Pazos, e que se proceda á limpeza desta rúa, especialmente os domingos, que presenta un estado lamentable despois das noites de copas que... bueno, sobre todo con moitos cristais rotos e é un perigo, e a poder ser si se pode facer esta limpeza os domingos e moito mellor.

Trasládanme tamén propietarios de cans pequenos que se realice un control dos cans que van sin correa. Algún me dicía que estaba farto de que o seu pobre caniche sufrira os ataques sempre do mesmo can que ía sin correa non?, entón que se aplique a lei de que os cans que, sobre todo de certo tamaño, non poden ir soltos.

Despois que se poñan unhas papeleiras na Rúa Santo Antón, que non ten papeleiras, non conta con elas.

Que se mellore a iluminación na Avda de Santiago, especialmente á altura do número 70, me parece que esta aí un paso de peatóns que está completamente a obscuras.

Na Rúa Pérez Viondi, e tamén no paso de peóns que hai no cruce da Rúa Santo Antón con Gradín e que esta diante... o paso de peóns que hai diante de "Labralia" é obscuro e non se ve, o sabrá... bueno o sabemos ben porque pasamos tódolos días por alí, entón de cara o tráfico pois é un perigo.

Antes de que empezase o curso lle fixen un rogo neste Pleno que era que se procedera ao repintado dos pasos a peóns da Avda 25 de Xullo e da Avda de Santiago, os tramos por donde discurren moitos escolares no seu camiño cara aos institutos. A altura do mes de

novembro siguen sin estar pintados, ben sabemos que nos días de hoxe non se vai pintar, pero houbo tempo para pintar. Despois outra cuestión é...

Sr. Alcalde: Señor Magariños, perdón, dicía 25 de xullo e...?.

Sr. Magariños Maceiras: 25 de xullo e Avda de Santiago.

Sr. Alcalde: e Avda. De Santiago.

Sr. Magariños Maceiras: Si, comentáronme varios veciños da Avda de Santiago que presentara... eu lle lembrei que xa presentara este rogo, pero non me daba de conta que estaba aínda sen pintar. Despois...

Sr. Alcalde: Perdoa, é que se fixo un pintado de tódalas rúas, se fixo durante o mes de setembro pero... bueno, descoñezo si esas dúas rúas quedaron sin acometer, pero se fixo a pintada dos pasos de peóns.

Sr. Magariños Maceiras: Me parece que hai uns pasos de peóns que non están... que no están...

Sr. Alcalde: Anotarémolo, pero no mes de setembro si se fixo un pintado de tódolos pasos de peóns.

Sr. Magariños Maceiras: E despois tamén cando se producen os desbordamentos da rede de sumidoiros na Avda de Santiago cara ao fondo, que se proceda á limpeza dos residuos que quedan unha vez que marcha a auga, porque bueno... a parte provocan bastantes cheiros e desagradables e, a parte, como me dicía unha veciña, pois non é agradable pisar o que alí se pisa.

E despois é unha pregunta, si o estado en que presenta o firme dos viais, especialmente do casco urbano, é parte de unha medida económica do Concello para reactivar a economía, neste caso vía talleres de reparación de automóviles por incremento de carga de traballo, ou simplemente é deixación de funcións, porque presenta un estado lamentable algunha rúa, vamos, parece... nin unha pista forestal ten a cantidade de baches que presenta algunha rúa do casco urbano.

Sr. Alcalde: Muy ben, sabe que se estuvo facendo un mantenimiento... un repaso fai 15 días do que son os viais máis deteriorados que temos no entorno do casco urbano, sobre todo algunha asignatura pendiente: Fernando Conde e Avda. de América, Avda. de Santiago, se fixo unha actuación por parte da brigada de obras para facer un mantemento, pero bueno, si é certo que a corto ou medio prazo pois hai que plantearse facer algunha actuación sobre todo en esos... fundamentalmente en esos tres viais, hai algún máis que tamén esta nun estado mellorable, pero eu creo que esas tres... esas tres rúas fundamentalmente pois requiren algunha actuación e tamén a rúa 24, a rúa que sube dende a Avda de Santiago ata a Plaza de Galicia, que tamén esta, parece que esta cedendo un pouco o terreo e está producindo algún desperfecto no que é o firme, e valoraremos orzamentariamente esta cuestión para intentar acometela o máis pronto posible.

Algunha outra cuestión?, algún outro rogo ou pregunta?. Bueno, pois antes de dar finalizado o Pleno, como saben a través do Regulamento de Participación Cidadá, calquer persona, previa identificación co DNI, pode facer calquer rogo, calquer pregunta dirixido á Alcaldía e solicitándoo previamente; si hai alguén que quere intervir pois por favor entregue o DNI ao compañeiro e el

lle fará entrega dun micrófono para que poida formular o seu rogo ou a súa pregunta.

Manuel Ángel Rey Chao (NIF 33187194B): Boas noites chámome Manuel Anxo Rey Chao, teño un domicilio no número 12 da rúa 24 i cando chove con abundancia non dan abasto as alcantarillas i a auga, o resto, a auga que en este caso... (no se aprecia sonido)... mezclada con restos da cales sube y entrame nos sotanos da miña vivenda. Entonces me parece que é unha pregunta breve pero moi importante, porque me parece que contravén a normativa tanto municipal como europea. Primeiro, a mezcla de augas residuais fluviaais con augas fecales nunha alcantarilla y, segundo, que non da acollida suficiente cando chove, retrocede pola costa (chamada costa da iglesia) i éntrame no soto da miña vivienda, provocando incomodidades e problemas de estabilidade. Entonces queríalle preguntar ao Alcalde que solución vai a haber para este tipo de problema i si ten a ben concederme unha entrevista para expoñerlle con máis detalle o problema e ver que solución se pode atopar.

O Alcalde: Si, moi ben, nada, é a primeira noticia que teño desta cuestión e lle adianto ademais que onte mesmo nos fixeron entrega dunha memoria valorada para facer unha actuación de mellora na rúa 24, unha actuación de mellora da rede de servicios, da rede de sumidoiros e da rede de pluviaais que, en principio, bueno, pois era necesario acometer nesa rúa, sobre todo tamén no lado contrario da beirarrúa donde esta comentando vostede, está nun estado bastante lamentable e era a nosa intención intentar acometer esa actuación. Con esa actuación e tendo en conta o que nos comenta vostede, o que nos permitiría tamén é desdoblar a rede de pluviaais en esa zona, que ademais colle bastante carga de auga e bastante pendiente e intentar desdoblar esa rede para no punto máis alto intentar evitar que toda a auga vai polo... baixando a costa da iglesia polo marxen dereito, non?. Esa actuación a temos valorada en torno a 50.000 euros, que nos pasaron os datos precisamente onte, veremos... eu intentarei trasladarlle aos técnicos esta problemática que vostede me di para que desta maneira si con esta obra xa podemos dar solución a esta cuestión e de forma inmediata mandaremos, si pode ser maña xa, a un técnico, ao persoal desta casa para ver e para ver os sumidoiros e para ver cal é o problema, porque, bueno, volvemos ao mesmo non?, que pasan moitos puntos desta nosa vila que é... que hai un importante numero de edificacións... vivendas que están conectadas, e teñen conectadas as pluviaais a rede de saneamento, e claro, non é razonable nin ten xustificación que unha rede de saneamento que en teoría ten que estar estanca, teña diferencias de carga en función das chuvias, non ten sentido ningún, non ten que haber ningún tipo de diferencia de carga si chove moito ou si chove pouco, son subministros estancos que non están suxeitos ás variacións de caudal. Polo tanto eso quere dicir que hai parte da rede de pluviaais conectada na rede de saneamento e provoca este tipo de problemas, veremos en cuestión de días cal e a ese problema e lle anticipo que, bueno, de forma de corto plazo pois intentaremos enviar un técnico alí e a medio plazo eu espero que poidamos avanzar en ese proxecto que, polo que me comenta, seguramente xa solucione de forma definitiva esta cuestión.

Algunha outra pregunta?, ten a palabra.

Miguel Vázquez Silva (NIF 35471163B): Boas noites, chámome Miguel. Mire... perdón, eu falei fai un ano coa señora Amalia Goldar i con Juan Constenla por culpa dunha... bueno, unha marquesina dunha parada de autobús alí en Codeseda, no lugar da Abragán, e

bueno, porque simplemente a parada de autobús cando chegan do cole está no lado dereito da calzada no que non hai marquesina, nin hai un arcén, nin hai nada, simplemente unha cuneta pois de maleza. Cando chega o mal tempo eu teño que recoller os nenos e teño que facer malabares encima da cuneta para recoller os nenos e baixalos do autobús, o problema e que eu agora non podo recoller os nenos e os recolle miña sogra que ten 76 anos i caeu na cuneta. Quero dicir que desde fai un ano pois expuxen o problema a dous concelleiros i, bueno, tiveron moi boas palabras conmigo como é certo, e me trataron moi ben, pero seguimos sin respostas. Quería saber pois si teñen algo avanzado ou algunha solución.

Sr. Alcalde: Moi ben. Ten a palabra... cédolle a palabra á Concelleira para que lle conteste en relación a este tema.

Sra. Goldar Cora: Si, efectivamente, aquel día estiveramos alí, tanto o señor Juan Constenla como eu, para cambiar o caseto porque... escoitáseme? Perdón... Cando era para cambiar o caseto dun lado para outro (intervención que non se aprecia no audio)... Si, o que pasa e que aí tiñamos o problema de que ibasenos moito para a curva e onde usted decía tiñamos que facer aquela limpeza... aquela limpeza da zona de atrás. Evidentemente eu para poder cambiar as paradas, porque estaba alí o caseto cambiado, teño que falar con transporte, a Consellería de momento non me dou resposta, pero bueno podemos intentar e pedir perdón... (non ten escusa)... pola demora, porque podíamos haber dado explicación antes efectivamente, pero bueno, pois si podemos damos unha volta ao tema e, si se pode facer, colocariase sin ningún problema, pero temos que cambiar, como usted sabe, máis abría que poñer alí o.... creo que pasaba unha especie de cuneta si mal non recordo...

Miguel Vázquez Silva: Unha cuneta chea de maleza.

Sra. Goldar Cora: Si maleza, e había que limpiarlle hacia atrás si non recordo mal.

Miguel Vázquez Silva: Si, pero non, eu o que digo e (corte de sonido)... simplemente poñer un típico tubo destes que hai nas cunetas con un pouco de cemento por encima para poder recoller aos nenos en un suelo firme, simplemente eso. Saber si se vai a facer algún tipo de... para solucionalo.

O Alcalde: Moi ben .

Miguel Vázquez Silva: Aínda que non sexa cambiar a marquesina.

Sr. López Campos: Vale, pois tomamos nota e supoño que terán forma de contactar e nos próximos días lle darán cumprida resposta a esta cuestión. Algún outro rogo ou pregunta?.

Sr. Alcalde: Ten vostede a palabra.

Ofelia Lema Villar (NIF 35472523Z): Graciñas. Un pouco a raíz deste tema da recollida de rapaces e para ligalo un pouco tamén ao tema anterior das pluviais de Figueroa, por enlazar os dous temas, eu quería saber si é posible, se se me pode dar resposta ou se se considera que non hai información suficiente e me teño que remitir a outro Pleno, sen problema ningún, é sobre o aparcamento do Colexio de Figueroa e máis da guardería e da perigosidade que implica as zonas nas que se aparca. Digo isto porque considero que non debe ser a mesma política municipal cando se sanciona a alguén por parar, que non estacionar, para a baixada dunha persona cunha eiva nun momento determinado, e non se sanciona a cantidade de coches que non só

poñen en perigo os ocupantes do propio vehículo, os rapaces que levan ao colexio, senón á xente que transita ou transitamos arredor deles. Entonces eu quería saber, se... cal é a política? Cales son os parámetros que se siguen para sancionar ou non este tipo de actitudes pouco correctas? e si é extensible a toda a localidade?. O digo, xa non vou falar de taxistas mal estacionados nin de ninguén, o digo por experiencia propia, que non tendo xeito de entrar na miña casa por haber rapaces que se están guarecendo do temporal no meu portal, aparquei diante do meu vado e tiveren que escoitar que eso era merecedor de sanción. Ben, non o puño en dúbida nin o deixo de poñer, o que pregunto é si se me sanciona por parar nun momento determinado nunha zona na que non había ninguén e por unha baixada dunha persoa cunha eiva, non é sancionable toda esa ristra de vehículos que aparcan na curva e que poñen en perigo os demais usuarios da vía?. Lle pido por favor que si non me quere contestar me diga que non, pero que non me trate como a última vez e me diga frases como "non o sabes, cho vou explicar", o que sei ou non sei o demostrarei eu, creo que fun tremendamente respetuosa e que non é ataque persoal, vólvollo a decir, para nada, en absoluto, pero como rexidor ten que dar conta destes temas. E tamén lle pido que non me diga que ao mellor e un problema personal meu con ese axente da autoridade, porque non o coñezo, igual que non coñezo ao señor Failde do que lle falei no anterior Pleno, xa llo anticipo e lle pido resposta a vostede porque como rexidor considero que é o máximo responsable o que debera ter coñecemento destas actitudes. Para resumirlle, que políticas se sigue para sancionar ou non sancionar o mal estacionamento na Estrada?. Moitas gracias.

Sr. Alcalde: A Lei de Tráfico é a que aplican os Axentes da Lei e os Municipais que, desde fai dous anos, este goberno lle dou a potestad de tramitar as súas sancións conforme a un criterio máis ou menos razoable, antes non se tramitaban as multas de tráfico e dende fai dous anos se lle dou potestad e competencia e ademais se lle trasladou ao ORAL para a súa xestión, polo tanto son os propios Axentes da Lei os que aplican os criterios en función do... da propia Lei a que están suxeitos, que é a Lei de Tráfico e Seguridade Cidadá, polo tanto eles son os que teñen os criterios e son os que marcan, de forma clara, cales son as sancións tipificables e cales non, e tampouco se lle pide... ou tampouco se lle da o orden nin se lle pode dar nin deixar de dar, pero eu creo que é sentido común aplicar o sentido común e ver as circunstancias en cada caso e ver si realmente se pode facer unha labor instrutiva en algúns casos ou unha labor didáctica para explicarlle á xente determinados aspectos, non... non hai, dende logo, unha intención sancionadora pura e dura, pero si é certo que, bueno, son os propios axentes, cada un na súa decisión os que aplican a Lei de Tráfico co seu mellor criterio. Polo tanto aí non hai ningún tipo de instrución que se lle poida dar máis ala de que apliquen a Lei, e eu entendo que é o que están a facer, e cando acometen ou fan o seu traballo no entorno dos centros escolares, sabemos que a veces se producen certos problemas no entorno de Figueroa e no entorno da gardería tamén. De feito, nos levamos xa demandando da Xunta de Galicia unha reorganización dese espazo para mellorar a zona de aparcamento da gardería infantil e non é fácil, pero bueno, seguiremos insistindo porque entendemos que agora mesmo no entorno dos colexios, sobre todo no entorno do Pérez Viondi e no entorno do Colexio de Figueroa, e puntualmente as horas de entrada e de saída dos rapaces, se producen situacións... bueno, bastante complicadas a veces de resolver e eu creo que, bueno, alí sempre intentamos ter un ou dous axentes para dirixir o tráfico, pero entendemos que os pais chegan cos coches e queren deixar aos rapaces o máis cerca posible, e nesos dous centros concretamente pois é certo que hai certos problemas de... pues de axilidade de tráfico en momentos puntuais non?, e ademais tamén, bueno, pois de

criterios á hora de poder aparcar os vehículos. Entendemos que a policía esta alí facendo unha labor tódolos días e, y nalgún caso pois se produceu que, evidentemente, hubo sancións en esa zona e hubo pais que se queixaron porque era simplemente estacionar o vehículo para deixar o rapaz no colexio, e hai veces, varias veces, ou moitas veces que chegan sancións de vehículos mal estacionados por entrar ou por... na entrada ou na saída do colexio, no entorno do Figueroa ou do Colexio de Pérez Viondi, eso é así e son os propios axentes os que marcan eses criterios en función da Lei.

Algún outro rogo ou pregunta?. Pois si non hai ningunha outra cuestión agradecéndonlle a súa presenza levantamos a sesión. Moitas gracias.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas.

A Estrada, 6 de novembro de 2014
A SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas